

Excmo. Sr.:

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo, informa o seguinte:

1º.- Que o 24 de marzo de 1953 foi aprobado o Consorcio que para o monte "FERROEDO E AGREGADOS", LU-2098, subscribiran o Concello de Saviñao e o Patrimonio Forestal do Estado, a través da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

2º.- Que en sesión celebrada o 30 de xuño de 1980, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común tomou o Acordo de clasificar como tal o denominado "ESCORNABOIS E TRIGAS", pertencente á Comunidade integrada polos veciños de San Vicente e Baliñacobo, parroquia de Igresiafeita, concello de Saviñao. Publicado dito acordo no B.O. da Provinica, nº 186, do xoves 14 de agosto do mesmo ano, non se presentou nin interpuso recurso algún conta él, polo que é firme.

3º.- Que o 8 de agosto do ano en curso, a Xunta Rectora da citada Comunidade, conforme có acordado en Asemblea Xeral celebrada o 18 do pasado mes de xullo, acordou a súa vez:

- propoñer á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes a sinatura dun Convenio que afectase as 22 Hás. da súa pertenza incluídas no consorcio do monte "FERROEDO E AGREGADOS" LU-2098,

- solicitar da Consellería que o Convenio, na parte que lle afecta, anulase e substituíse o Consorcio do monte "FERROEDO E AGREGADOS", LU-2098, e

- autorizar ó seu Presidente para sinatura do Convenio.

4°.- Que o Convenio ten por obxecto a incorporación do voo e obras auxiliares creadas nas 22 Hás., a conservación e tratamentos selvícola da masa forestal existente, o seu aproveitamento e a execución das obras e traballos complementarios concordantes con tales fins.

5°.- Que en consecuencia, o novo monte "ESCORNABOIS" queda constituido por:

22 Hás. do monte "FERROEDO E AGREGADOS", LU-2098

6°.- Que as superficies do monte "FERROEDO E AGREGADOS", LU-2098, eran:

superficie total.	492 Has.
superficie repoboada.....	486 "
superficie inforestal.....	6 "

Como os montes que se indican, pasaron as seguintes superficies:

M O N T E	Superficie total	Superficie repoboada	Superficie inforestal
"FERROEDO", 2715721	122 Hás.	119 Hás.	3 Hás.
"FERROEDO", 2715834	87 "	86 "	1 "
Total	209 Hás.	205 Hás.	4 Hás.

as actuais, son:

superficie total	283 Hás.
superficie repoboadada	281 "
superficie inforestal	2 "

O monte "ESCORNABOIS" pasan:

superficie total.	22 Hás.
superficie repoboadada	22 "

7°.- Que o Patrimonio Forestal do Estado creo no municipio de Saviñao o pastizal "LA TRUCHA", LU-3288, que, aínda que non afecta a terreos de San Vicente e Baliñacobo e, en consecuencia, a Comunidade propietaria do monte "ESCORNABOIS", tiña que amortizar os seus gastos con cargo o arboado do monte "FERROEDO E AGREGADOS", LU-2098.

É por elo polo que, además do que da partida do saldo de gastos e ingresos de este monte pase o novo Convenio, tamén deberán cargársele a parte proporcional, en función da superficie arboada actual e da que se integra no convenio dos gastos que tiveron no pastizal.

8°.- Gastos por traballos e ingresos do monte "FERROEDO E AGREGADOS", LU-2098.

Conforme coas Certificacións que se adxuntan, son as seguintes:

a) Gastos por traballos.

o 31-12-1995	32.966.216,-Ptas.
pasados o m/"FERROEDO", 27515721. ...	3.150.749,- "
pasados o m/"FERROEDO", 2715834	6.285.942,- "
saldo actual:	23.529.525,- "

o 31-12-1980, ano en que foi clasificada como en man común o monte da Comunidade de San Vicente e Baliñocobo. 5.575.337,- Ptas.

A ter en conta conforme coa Disposición Adicional Segunda de Lei de Galicia 13/1989, do 10 de outubro:

22 x 23.529.525,-Ptas. - 22 x 5.575.337,-Ptas. 1.589.787,-Ptas.
281 486

b) Ingresos:

Administración Forestal	36.264.252.-Pts.
Excma. Deputación.....	2.209.191.- "
Total.....	38.473.443,-
pasados m/"FERROEDO", 2715721.	3.442.934,-
pasados m/"FERROEDO", 2715834.	8.208.784,-
saldo actual:	26.821.725,-

9°.- Gastos por traballos e ingresos do pastizal "LA TRUCHA" LU-3288.

Conforme coas Certificacións que se adxuntan, son os seguintes:

a) Gastos por traballos.

o 31-12-1995.	4.620.573,-
pasados m/"FERROEDO", 2715721.....	1.131.375,-
pasado m/"FERROEDO", 2715834.....	817.632,-
saldo actual:	2.671.566,-
o 31-12-1980, ano en que foi clasificado como en man común a parte do monte pertencente á Comunidade de San Vicente e Baliñocobo.	2.472.508,-

A ter en conta conforme coa Disposición Adicional Segunda da Lei de Galicia 13/1989, do 10 de outubro:

22 x 2.671.566,-Ptas. - 22 x 2.472.508,-Pts.	97.238,-Ptas.
281	486

b) Ingresos.

-

10°.- E que os gastos que por traballos, administración e gardería, así como os ingresos, que das contas dos Consorcios do monte "FERROEDO E AGREGADOS", LU-2098 e do pastizal "LA TRUCHA" LU-3288, pasan a conta do Convenio do monte "ESCORNABOIS", son:

a) GASTOS:

<u>do monte "FERROEDO E AGREGADOS", LU-2098</u>	
traballos:	1.589.787,-Ptas.
administración: <u>7,85</u> x 1.589.787,-Pts...	124.798,- "
100	
gardería: 22 Hás. x 750,- Ptas./Há.	16.500,- "
 <u>del pastizal "LA TRUCHA", LU-3288</u>	
traballos:	97.238.-Ptas.
administración: <u>7,85</u> x 97.238,- Ptas....	7.633,- "
100	
gardería: <u>22</u> x 22 x 750,- Ptas./Há.	1.292,- "
281	
 <u>TOTAL GASTOS.....</u>	
	<u>1.837.248,-Ptas</u>

b) INGRESOS:del monte "FERROEDO E AGREGADOS", LU-208922 Hás. x 26.821.725,- Ptas. 2.099.922,- Ptas

281 Hás.

del pastizal "LA TRUCHA", LU-3288

-

TOTAL INGRESOS..... 2.099.922,- Ptas

11°.- E que como os ingresos son superiores os gastos,
a conta do convenio do novo monte "ESCORNABOIS" se abre cun
saldo de: 0,-Pts

=====

Á vista de todo isto, propoñemos a V.E.:

1°.- Que se aprobe o convenio das seguintes
características:

Nome: "ESCORNABOIS".

Elenco: 2715865.

Superficie: 22 Hás.

Pertenza: Comunidade de San Vicente e Baliñocobo.

Concello: Saviñao.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Interés sobre ó anticipo: 1%.

Participación da Comunidade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 30%.

2°.- Que a conta de gastos do Convenio do monte
"ESCORNABOIS", 2715865, se abra cun saldo de 0,-pesetas, sen
perxuício dos gastos e ingresos que puidera ter o Consorcio
do monte "FERROEDO E AGREGADOS", LU-2098, con posterioridade
a data de peche das suas contas.

3°.- Que no sucesivo, as características do monte LU-2098, sexan as seguintes:

Nome: "FERROEDO E AGREGADOS".

Elenco: LU-2098.

Superficie: 261 Hás.

Pertenza: Parroquia de Abuime e outros.

Concello: Saviñao.

4°.- Que por ter pasado a conta do Convenio do monte "ESCORNABOIS", 2715865, das contas do Consorcio do monte "FERROEDO E AGREGADOS", LU-2098, se restan as seguintes cantidades:

gastos: <u>22 Hás.</u> x 23.529.525,-Ptas.	1.842.169,-Ptas
281 Hás.	
ingresos: <u>22 Hás.</u> x 26.821.725,-Ptas.	2.099.922,- "
281 Hás.	

5°.- Que por ter pasado a conta do Convenio do monte "ESCORNABOIS", 2715865, das contas do Consorcio do pastizal "LA TRUCHA", LU-3288, se resten as seguintes cantidades:

gastos: <u>22 Hás.</u> x 2.671.566,- Ptas.	209.162,-Pta.
281 Hás.	

Non obstante V.E. resolverá.

Santiago de Compostela, 3 de outubro 1996.


O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES E
INDUSTRIAS FORESTAIS,



Asdo: Plácido Baamonde López.



V.º B.º
O DIRECTOR XERAL,



Asdo.: Tomás Fernández-Couto Juanas.

ILMO. SR. CONSELLEIRO DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES.-

Visto o expediente de transformación parcial do consorcio do monte "FERROEDO E AGREGADOS", LU-2098, nun convenio entre a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e a comunidade de veciños de S. Vicente e Baliñacobo, parroquia de Iglesia feita no concello de Saviñao que afecta a 22 Has. do monte veciñal "ESCORNABOIS" da súa pertenza, incluídas no consorcio antes citado, e a vista dos informes favorables, emitidos pola Subdirección Xeral de Montes e Industrias Forestais de Lugo, esta Sección Xurídica entende que procede a aprobación do devandito convenio nos termos propostos, así como a cancelación do consorcio na superficie solicitada, por axustarse ó previsto na Lei 5/1997, do Fomento da Produción Forestal, ó Real Decreto 1279/78, que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/84, polo que se deixa sen aplicación, no ámbito da comunidade Autónoma, ó artigo 57 do devandito Real Decreto, así como a Lei 13/89, de Montes Veciñais en Man Común e ó Decreto 260/92, que aproba o seu Regulamento.

Santiago de Compostela, 7 de outubro de 1996.



O TÉCNICO XURIDICO,

ant

Asdo.

María Díz Rodríguez.

ILMO. SR DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola Sección Xurídica, e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo.

R E S O L V O

1º.- Que se aprobe o convenio das seguintes características:

Nome: "ESCORNABOIS".

Elenco: 2715865.

Superficie: 22 Hás.

Pertenza: Comunidade de San Vicente e Baliñocobo.

Concello: Saviñao.

A contabilizar como anticipo: 50%.

A contabilizar como subvención: 50%.

Interés sobre o anticipo: 1%.

Participación da Comunidade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 30%.

2º.- Que a conta de gastos do Convenio do monte "ESCORNABOIS", 2715865, se abra cun saldo de 0,- pesetas, sen perxuício dos gastos e ingresos que puidera ter o Consorcio do monte "FERROEDO E AGREGADOS", LU-2098, con posterioridade a data de peche das súas contas.

3º.- Que no sucesivo, as características do monte LU-2098, sexan as seguintes:

Nome: "FERROEDO E AGREGADOS".

Elenco: LU-2098

Superficie: 261 Hás.

Pertenza: Parroquia de Abuime e outros.

Concello: Saviñao.

4º.- Que por ter pasado a conta do Convenio do monte "ESCORNABOIS", 2715865, das contas do Consorcio do monte "FERROEDO E AGREGADOS", LU-2098, se resten as seguintes cantidades:

gastos: 22 Hás. x 23.529.525,- Ptas. 1.842.169.-Pts

281 Hás.

ingresos: 22 Hás. x 26.821.725,- Ptas. 2.099.922.-"

281 Hás.

5º.- Que por ter pasado a conta do Convenio do monte "ESCORNABOIS", 2715865, das contas do Consorcio do pastizal "LA TRUCHA", LU-3288, se resten as seguintes cantidades:

gastos: 22 Hás. x 2.671.566,- Ptas. 209.162,-Pts.


281 Hás.

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 1996.

O CONSELLEIRO,

P/D

O SECRETARIO



Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez.

(O. do 13-12-93)

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

CONVENIO

N.º	271	5865
-----	-----	------

En Santiago de Compostela, a de de mil novecentos noventa e

REUNIDOS

Dunha banda, D. ANTONIO LUIS ROSON PEREZ, por Delegación do, Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes, en virtude da ~~representación que legalmente ostenta~~ Orde de 13-12-1.993.

Da outra, D. MONSERRAT VARELA GONZALEZ, como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común "ESCORNOBOIS Y TRIGALS", segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

EXPONENTE

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

Ó abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, de 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279/78, de 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69/84, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.— O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do 24 de Marzo de 1.953 para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.— Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a Comunidade integrada polos veciños dos lugares de San Vicente e Baliñocobo, parroquia de Igresiafeita, termo municipal de Saviñao

e son os que a continuación se describen:

Denominación: "ESCORNABOIS"

Termo municipal: Saviñao

Provincia: LUGO

Situación administrativa e legal: Monte en mán común pertencente a Comunidade integrada - polos veciños dos lugares de San Vicente e Baliñocobo, parroquia de Igresiafeita, termo municipal de Saviñao.

Límites:

N.: Propiedades particulares;

S.: Propiedades particulates;

\$. Propiedades particulares y

O.: Propiedades particulares.

Superficie: 22 (VINTEDUAS) Hás.

Estado forestal: 22 (VINTEDUAS) Hás. repoboadas.

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan: - - -

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula: 22 (VINTEDUAS) Hás.

Sen vexetación arbórea: - - -

Servidumes: - - -

3ª.— O chan continuará pertencendo a Comunidade integrada polos veciños dos lugares de San Vicente e Baliñocobo, parroquia de Igresiafeita, termo municipal de Saviñao.

que achega ó convenio:

- a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
- b) Os terreos descritos na cláusula segunda.
- c) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.— A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o cincoenta por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante cincoenta por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do un por cento anual.

5ª.— Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acreedor resultante de actualiza-las contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferenza entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: 22 Hás. do monte "FERROEDO Y AGREGADOS",
LU-2098

6ª.— As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

7ª.— Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o trinta por cento será para a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e o setenta por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes recibirá o - - - por cento, e a comunidade propietaria, o - - - por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregarase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.— En caso de incendio, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuindo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.— O presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscristible no Rexistro da Propiedade.

10ª.— A duración deste convenio será por un período de trinta anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que subistentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogarase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerarase este tacitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.— Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, se esta o precisar.

12ª.— ~~A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será~~ O monte está repoboado con P. pinaster.

13ª.— O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes interpretará e resolverá tódalas cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don Nilo Fernández Ortiz, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.— Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común Escornabois e Trigas (O Saviñao)

2.— Que, así mesmo, figura Dora Montserrat Varela González, e Don Manuel Rodríguez Alvarez, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, deica 28-06-99

E para que conste, expido a presente certificación Lugo, a 5 de agosto de 199 6.



Don MANUEL RODRIGUEZ ALVAREZ, Secretario de Comunidade de San Vicente e Baliñocobo, termo municipal de Saviñao

CERTIFICO: Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día 18 de Xullo de 1.996 estando designado Don^a MONSERRAT VARELA GONZALEZ, Presidenta representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en San Vicente (Saviñao) a oito de Agosto de mil novecientos noventa e seis.

O SECRETARIO,

Visto e prace,

a PRESIDENTA,

Asdo.: **Montserrat Varela González.**

Asdo.: **Manuel Rodríguez Alvarez.**

D. TOMÁS FERNÁNDEZ-COUTO JUANAS, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.



Pola propiedade,

Asd^a.: **Montserrat Varela González.**

Pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes,

O CONSELLEIRO;

P/D

O SECRETARIO XERAL;

Asdo.: **Antonio Luis Rosón Pérez.**
(O. do 13/12/93)

D^a. Monserrat Varela González
D. Manuel Rodríguez Álvarez
D. Jesús López López.
D. Lino Díaz Losada.
D. Antonio López García

En el lugar de San Vicente, parroquia de Igreasiafeita, municipio de Saviñao, siendo las trece horas del día 8 de Agosto de 1.996, se reúne la Junta ^{directora} de la Comunidad de San Vicente y Baliñocobo, cuya relación figura al margen.

Cumpléndose la mayoría que señala la Ley de Galicia 13 /1.989, de 10 de Octubre, y conforme con lo acordado por la citada Comunidad reunida en - Asamblea General el pasado 18 de Julio, acuerdan a su vez:

1^a.- Proponer a la Consellería de Agricultura, Gandería e Montes la firma de un Convenio que afecte a las 22 Hás. del monte en mano común de su pertenencia incluidas en el Consorcio que para el monte "FERROEDO Y AGREGADOS" establecieron el Ayuntamiento de Saviñao y el Patrimonio Forestal del Estado, a través de la Excm. Diputación Provincial de Lugo, con lo que las características del monte a conveniar serán:

Nombre: "ESCORNABOIS".

Superficie: 22 Hás.

Límites:

- N.- Propiedades particulares;
- E.- Propiedades particulares;
- S.- Propiedades particulares y
- O.- Propiedades particulares.

2^a.- Solicitar de la Consellería que el Convenio, en la parte que le afecta, anule y sustituya al vigente Consorcio del monte "FERROEDO Y AGREGADOS".

3^a.- Autorizar a su Presidenta para la firma del Convenio.

Y no habiendo mas asuntos que tratar, se cierra el Acta en el lugar y fecha al principio indicados firmando de conformidad.